



DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación deste Concello, en sesión celebrada en data oito de abril de dous mil vinte e un, adoptou entre outros o seguinte ACORDO:

“.-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 13 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, A OBXECTO DE REGULAR A IMPLANTACIÓN DO USO CAMPAMENTO DE TURISMO.

Vista a necesidade de efectuar modificación puntual das normas subsidiarias do concello de Valdoviño a obxecto de regular nas mesmas o uso do campamento de turismo; visto a documentación elaborada para este fin presentada pola empresa URBEN CONSULTORES S.L. en data 2-03-21 (rexistro 202199900000315).

CONSIDERANDO o informe do arquitecto municipal de data 6 de abril de 2021 e o informe xurídico municipal da mesma data, ámbolos dous favorables para tramitación.

O pleno da corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual Nº 13 segundo a documentación presentada por URBEN CONSULTORES.

SEGUNDO.- En virtude do disposto polo artigo 60 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e artigo 144 do regulamento da Lei 2/2016, o expediente de referencia sométese a información pública pola prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte a publicación no DOG. e publicarase tamén nun periódico de mayor difusión da provincia.

TERCEIRO.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo en la sede electrónica do concello www.concellodevaldovino.com

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación en Valdoviño, co Visto e Prace do sr. alcalde, don Alberto González Fernández, a dezanove de abril de dous mil vinte e un.

V. e Pr.
O alcalde

A secretaria